



A compañía enerxética galega migra a súa plataforma de planificación empresarial ao formato *cloud* cos servizos SAP HANA na nube

## **R acompaña na súa transformación dixital a Reganosa, que incorpora o *hosting* SAP HANA para organizar o seu negocio na nube**

- **Reganosa decidiu apostar por R, como empresa galega líder do sector, para dixitalizar o seu negocio e extraer o máximo partido á analítica de datos e o acceso a eles en tempo real co sistema de SAP HANA**
- **A empresa transportista de gas natural de Galicia quere contar cos últimos avances tecnolóxicos para fomentar o desenvolvemento e benestar da sociedade, en paralelo á súa estratexia de internacionalización de servizos**
- **Grazas ao *hosting* SAP HANA e á proximidade do datacenter de R a empresa atopou a solución para adaptar ás súas necesidades específicas un *cloud multisite* integrado na súa rede corporativa**

**Venres, 25 de setembro de 2020.-** Reganosa, a empresa galega dedicada ao transporte e regasificación de gas natural, chegou a un acordo con R para incorporar na súa organización os servizos e plataformas de SAP HANA na nube. Trátase dun paso decisivo no proceso de transformación dixital da compañía enerxética para o que elixiu ao operador galego como socio tecnolóxico.

Conscientes de que a dixitalización é o camiño ineludible para seguir crescendo, Reganosa revalida a súa querenza por aliarse con empresas autóctonas solventes, neste caso R, para mellorar os seus procesos e estratexia de negocio.

Emilio Bruquetas, Director Xeral de Reganosa, incidiu en que “o sector da enerxía vive un gran proceso de modernización no que a descarbonización e a dixitalización son esenciais; nisto, Reganosa ten que ir por diante. De aí que contar coas ferramentas e co coñecemento que nos achega R resulte esencial. Ademais de produtiva, a nosa alianza con R é moi satisfactoria porque Reganosa comparte con R valores e traxectoria. Ámbalas dúas somos empresas xoves e innovadoras, ás que a competencia nos motiva para facer as cousas mellor en calquera mercado”.

Pola súa banda, Isidro Fernández de la Calle, Director Corporativo Empresas de R asegurou que “para nós é un orgullo e unha responsabilidade acompañar a Reganosa neste proceso. Estamos a vivir unha transición imparabile á nube que se acelerou notablemente coa crise derivada da COVID-19. Reganosa soubo capitalizar o valor diferencial da nube de R, unha nube próxima e directamente conectada por fibra óptica con Reganosa, que lle achega máxima capacidade, seguridade e mínima latencia para o despregamento dos seus servizos de negocio actuais e futuros”.

## **Dispoñibilidade, calidade, seguridade... e vantaxes competitivas**

Reganosa quere contar cos últimos avances tecnolóxicos para fomentar o desenvolvemento e benestar da sociedade, en paralelo á súa estratexia de internacionalización de servizos. E para facelo cómpre que garanta a dispoñibilidade das infraestruturas enerxéticas coas que opera, manténdooas e xestionándooas de forma segura e eficiente.

Como en moitos outros negocios a grande escala, toda a operativa e planificación empresarial de Reganosa para o control e medición da enerxía, o transporte e tratamento do gas combustible ou mesmo a atención das demandas crecentes de gas natural esixen manexar unha cantidade inxente de datos. O *hosting* SAP HANA e a proximidade do *datacenter* de R, onde se aloxa todo o sistema, permitiron que Reganosa atopase a solución para adaptar ás súas necesidades específicas un *cloud multisite* integrado na súa rede corporativa. A enerxética galega aloxará todo o seu sistema SAP e xestión documental nos servizos *cloud* de R, nun proxecto que inclúe a migración dende o seu provedor actual en Madrid. O *datacenter* de R (como os do resto do Grupo Euskaltel, do que forma parte o operador galego) está dotado para garantir esa xestión integral e dixitalización do negocio, o que faculta a Reganosa para tomar decisións inmediatas e áxiles porque o sistema lle permite analizar e acceder en tempo real á información almacenada. E todo iso, nunha contorna tecnolóxica fiable, segura e confidencial.

Este novo sistema de traballo e estratexia empresarial dixitalizada permitirlle a Reganosa competir cos novos modelos de negocio máis simples, máis integrados e máis económicos, orientados a resultados e hiperconectados. Tamén poderá mellorar o seu día a día con forzas de traballo virtuais ou optimizar procesos integrando cadeas loxísticas, analizando información e logrando visibilidade como empresa en tempo real, entre outras moitas vantaxes competitivas.

## **Comunicacións adaptadas a Reganosa**

As claves tecnolóxicas do servizo *cloud* que incorpora Reganosa neste novo treito do seu proceso de transformación dixital son as seguintes:

\_servizo de **datacenter virtual**, con capacidade de cómputo e almacenamento  
\_nova plataforma optimizada para o aloxamento da **base de datos SAP HANA**, *software* indispensable para as versións máis recentes de SAP que require unha infraestructura de cómputo de moi altas prestacións, accesibles agora grazas ao servizo de R

\_ **servizo DRaaS de R**, con mecanismos de replicación continua para recuperar rapidamente o sistema en caso de incidencia grave

\_ **potente rede de comunicacións** que conecta as sedes de Reganosa cos 5 *datacenter* do Grupo, cunha capacidade dimensionada que ofrece un servizo óptimo e contribúe a mellorar a produtividade

Un proxecto desta envergadura require unha solución personalizada e adaptada a cada negocio. **R** conta cun equipo de enxeñeiros/as experimentados/as tanto no deseño técnico integral como na xestión de proxectos de implantación en contornas complexas; e consegue adecuar todas as actuacións a cada caso concreto para garantir unha transición ordenada e un impacto mínimo na actividade da empresa cliente.

En suma, con esta solución *hosting* SAP HANA e o *datacenter* de **R**, Reganosa dispón dunha **nube privada integrada na súa rede** con todo o que necesitan os seus sistemas. **R** ofrécelle, neste caso, un proxecto a medida nunha contorna de cooperación e confianza coa solución tecnolóxica avanzada SAP.

### **Sobre Reganosa**

*Reganosa é unha empresa enerxética galega con grande actividade internacional. Constituída a finais do século XX para operar no mercado do almacenamento, regasificación e transporte de gas natural licuado, traballa tamén en actividades innovadoras. Está recoñecida oficialmente como xestor do sistema gasista (TSO), categoría que en España só ten outra empresa. Opera a terminal de Mugarodos, no porto de Ferrol, que é da súa propiedade, e tamén xestiona activos alleos, como a regasificadora de Malta. Presta servizos en catro continentes.*

### **Sobre R**

**R** é o operador de telecomunicacións de Galicia que, xunto con Euskaltel e Telecable, forma parte do Grupo Euskaltel. O operador galego ofrece servizos avanzados de internet de alta velocidade (ata 500 megas), televisión dixital e telefonía fixa e móbil, e dende hai anos é a opción preferida nos fogares e empresas galegas alí onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. **R** investiu ata o momento preto de 1.300 millóns de euros neste proxecto para Galicia, onde xa está presente en máis de 130 municipios nos que presta servizo a arredor de 260.000 clientes entre residenciais e empresas ([R.gal](http://R.gal)). Na área empresas, **R** diferénciase da competencia, dende o inicio da súa andaina, pola súa proximidade aos negocios da terra, sexan grandes ou pequenos, ofrecéndolles os servizos máis avanzados e innovadores adaptados sempre aos seus requirimentos. Ferramentas que melloran a produtividade e solucións a medida para competir en calquera mercado, con **R** como aliado tecnolóxico. A idea é, en suma, abrirlles con **R** a porta a novos modelos de negocio, sobre todo agora que o proceso de transformación dixital é un fito ineludible no mundo da empresa a nivel global.

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)

